

## As vellas tardes

[poema adicado ó cadro *Felipe Erias no labirinto*,  
de Alfredo Erias]

XOSÉ LUIS SOBRINO

Polos labirintos da crebante herba seca,  
nos corredores infindos  
da inocencia dos sete,  
baixo anónimos soles  
dun vrao dos de antes.

Buscando os enredos novos,  
en vexetais pasadizos  
discorrían as lonxevas tardes.

Preto de nós o loitador maínzo  
convidado recente ós xogos cativos,  
á arañeira de recunchos  
que teciamos no campón da chousa.

Esquencidos do mar,  
aprendimons a respirar  
nas herbas da aldea,  
deixando nos carreiros dela estragada  
os nosos mellores anceios,  
a máis pura ilusión inocente.

